

Autor e ilustrador: **LEO LIONNI**  
Traducción: **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ**

Encadernado en cartón. 22x27,5 cm.

36 páxinas. Ilustracións en color.

Dispoñible en:

-Galego: "Nadarín". Tras os Montes. ISBN 978-84-8464-628-0

-Castelán: "Nadarín". Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-60-4

-Catalán: "Neda-que-neda". Kalandraka. ISBN 978-84-8464-629-7


-Euskera: "Igeritz". Amets egiteko Liburuak. ISBN 978-84-8464-630-3

-Portugués: "Nadadorzinho". Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-59-0

Prezo: 15 €

## NADARÍN

**Nun recuncho perdido do mar vivía feliz un banco de peixes. Todos eran vermellos. Só un era negro como a cuncha dun mexillón. Nadaba mellor có resto dos seus irmáns e irmás. Chamábanlle Nadarín.**



A historia de Nadarín, como todos os libros de Leo Lionni, invita a pensar e aprender valiosas leccións vitais. O valor da diferenza e o respecto debido a quen -por cultura ou aspecto físico- non comparte as características comúns, reflíctese nas primeiras páxinas deste clásico da literatura infantil de todos os tempos.

Máis aínda, a superación dos medos propios, a forza de vontade para gozar do que nos rodea malia as adversidades que se presenten e a solidariedade cos nosos semellantes, tamén se plasman neste relato de gran calidade estética, de frases curtas cheas de figuras retóricas sutís e suxerentes. E como emblema da obra no seu conxunto, unha mensaxe para os lectores: a unión fai a forza.

Destaca a orixinalidade da proposta estética de Leo Lionni neste álbum datado en 1963 que, aínda co paso do tempo, conserva toda a súa frescura. Cunha técnica semellante ás "manchas de cor", recrea un universo marino dotado de moito movemento e riqueza cromática.

### **LEO LIONNI**

(Amsterdam, Holanda, 1910-Tuscany, Italia, 1999)

LEO LIONNI creceu nun ambiente artístico -a súa nai fora cantante de ópera e o seu tío Piet foi un gran afeccionado á pintura e o coleccionismo- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. Pero a súa formación non foi artística, senón que se doutorou en Economía.

O seu primeiro libro para nenos non cheegaría ata moitos anos despois, case por casualidade. Durante unha viaxe en tren ocorréuselle a idea de entreter aos seus netos creando un conto a partir duns

sinxelos anacos de papel de seda. Así xurdiu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo". Foi o primeiro dunha longa lista -máis de 40- de obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada, como "Frederick". Ambos títulos foron editados tamén por KALANDRAKA na colección Tras os Montes.

Polos seus méritos en terreos como a escultura, o deseño, a pintura e a ilustración, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia como director de arte e posteriormente para a Corporación Olivetti e a revista Fortune. Paralelamente crecía a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Nova Iorque a Tokio. Como el mesmo dixo: "De algún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia".

- **Temática:** a diferenza, a forza da unión, superación da dor e dos medos
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil de todos os tempos, ilustrado cunha orixinal técnica estética; KALANDRAKA editou deste mesmo autor "Frederick" e "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo".

